

Galicia Elixé Galicia

Os mellores plans na costa para a mocidade,
as familias e as persoas maiores de 55 anos.



costa

Galicia Elixé Galicia

Os mellores plans culturais para a mocidade,
as familias e as persoas maiores de 55 anos.



cultura

Galicia Elixé Galicia

Os mellores plans na natureza para a mocidade,
as familias e as persoas maiores de 55 anos.



solicita
a túa praza.

natureza

Galicia Elixé Galicia

Os mellores plans de balneario para a mocidade,
as familias e as persoas maiores de 55 anos.



balnearios

cntravel

XUNTA
DE GALICIA

Galicia elixe GALICIA

neste catálogo atoparás ...

Contidos Lugares de saída	2
Quen pode optar a unha viaxe? Tempadas	3
Como facer a solicitude	4
Prezos Hoteis previstos	5

Estancia en Balnearios / Spa

ESPECIAL MAIORES

Rías Altas	6
Rías Baixas	7
Ourense	8

ESPECIAL FAMILIAS

Rías Altas	9
Rías Baixas	10
Ourense	11

ESPECIAL MOZOS

Rías Altas	12
Rías Baixas	13
Ourense	14

Vacacións en zonas costeiras

ESPECIAL MAIORES

Rías Baixas	15
Rías Altas	16

ESPECIAL FAMILIAS

Rías Baixas	17
Rías Altas	18

ESPECIAL MOZOS

Rías Baixas	19
Rías Altas	20

MAIORES, FAMILIAS E MOZOS

Costa da Morte	21
Mariña Lucense	22

Natureza e Montaña

ESPECIAL MAIORES

Rías Altas	23
Rías Baixas	24
Mariña Lucense	25
Ourense	26

ESPECIAL FAMILIAS

Rías Altas	27
Rías Baixas	28
Mariña Lucense	29
Ourense	30

ESPECIAL MOZOS

Rías Altas	31
Rías Baixas	32
Mariña Lucense	33
Ourense	34

MAIORES, FAMILIAS E MOZOS

Costa da Morte	35
----------------------	----

Historia e Cultura

ESPECIAL MAIORES

Rías Baixas	36
Rías Altas	37
Mariña Lucense	38

ESPECIAL FAMILIAS

Rías Baixas	39
Rías Altas	40
Mariña Lucense	41

ESPECIAL MOZOS

Rías Baixas	42
Rías Altas	43
Mariña Lucense	44

MAIORES, FAMILIAS E MOZOS

Costa da Morte	45
Ourense	46
Condicións Xerais	47

 as imaxes con este distintivo foron cedidas pola Xunta de Galicia exclusivamente para este catálogo

LUGARES DE SAÍDA

A CORUÑA

Cuatro Caminos. Parada de bus "La Favorita"

FERROL

Praza de Galicia. Parada de Bus fronte ao Teatro Jofre

SANTIAGO

Praza do Doutor Puente Castro

LUGO

Rúa Dinan, ao carón da Estación de Autobuses

OURENSE

Fronte á Estación de Ferrocarril

PONTEVEDRA

Rúa San Roque, fronte á Praza de Touros

VIGO

Estación de Ferrocarril - Areal

QUEN PODE OPTAR A UNHA VIAXE?



♥ BENEFICIARIOS

- Levar un mínimo de dous anos empadroados nalgún dos municipios da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Valerse por si mesmos para realizar as actividades básicas da vida diaria, coa excepción das persoas con discapacidade nas condicións especificadas para cada colectivo.
- Efectuar o pago do prezo estipulado.
- Indicar grao de discapacidade e se existe mobilidade reducida e en qué grao.
- Os requisitos para ser beneficiario deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
- Non poderán obter a condición de beneficiaria aquelas persoas nas cales conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado, empregando o modelo que figura no anexo IV.
- En caso de non ser beneficiarios poderase participar, previa solicitude e aprobación da mesma, aboando o 100% da praza.

♥ COLECTIVOS

a) Maiores:

- Ser pensionista de xubilación do sistema de seguridade social español, ser pensionista de viuvez con 55 ou máis anos de idade do sistema de Seguridade Social español, ser pensionista por outros conceptos do sistema de seguridade Social español ou perceptor de prestación, subsidios de desemprego con 60 ou máis anos de idade, ser asegurado ou beneficiario do sistema de seguridade social español con 65 ou máis anos de idade.
- Ser cónxuxe, parella de feito ou a persoa coa que se constitúe unha unión estable e de convivencia con análoga relación de afectividade á conxugal, dun/unha pensionista beneficiario/a do programa.
- Ser fillo/a dun/unha pensionista beneficiario/a do programa, con discapacidade, en grao igual o superior ao 33% sempre que a viaxe se realice cos seus pais e se aloxen na mesma habitación ou, no seu caso, abonen o suplemento establecido para habitacións individuais que estará suxeito a dispoñibilidade de praza.
- Indicar na solicitude se o/a solicitante ou algunha persoa que viaxe con él/ela ten mobilidade reducida e si ten unha pensión non contributiva.

b) Mozos/as menores de 30 anos:

- Ser maior de idade e ter menos de 30 anos.
- As solicitudes poderán ser individuais ou colectivas (ata 4 participantes). Os/as mozos/as que se presenten como grupo nunha mesma solicitude deberán reunir todos os requisitos do programa.
- Reserva de prazas para persoas con discapacidade, en grao igual ou superior ao 33% que poderán ir acompañados/as doutro mozo/a menor de 30 anos que se aloxe na mesma habitación e a atención requirida na estancia poida ser dispensada polo acompañante a cuxo cargo viaxan. Neste caso, na solicitude deberá indicarse se a participación no programa será só para o solicitante, ou se se inclúe á persoa acompañante, que terá a condición de beneficiario/a.

c) Familias con fillos/as menores de idade:

- Enténdese por familia, as persoas unidas entre si por matrimonio ou unha relación análoga de afectividade, as persoas que dependan delas por filiación, adopción, tutela, garda, garda de feito ou acollemento permanente ou preadoptivo, e as persoas que estean ao seu cargo, sempre que formen un núcleo estable de convivencia.
- Calquera outra forma de relación estable entre membros dunha parella considérase asimilada ao vínculo por matrimonio, sempre que estea acreditada pola inscrición no correspondente rexistro.
- Os fillos menores entre 0-3 anos non ocuparán praza.
- Serán beneficiarios os/as fillos/as entre 4 e 18 anos e aqueles que teñan unha discapacidade en grao igual o superior ao 33% sempre que a viaxe a realicen cos seus pais e se aloxen na mesma habitación ou abonen o suplemento das habitacións individuais, que estará suxeito a dispoñibilidade e a atención requirida na estancia poida ser dispensada polos pais, tutores ou fillos/as cos que viaxan.
- Os/as fillos/as maiores de 18 anos e os ascendentes, salvo os fillos/as ou ascendentes con discapacidade, pagarán o 100% da praza.
- Reservarase un 10% do total para familias numerosas, que deberá indicarse na solicitude.

TEMPADAS

2020

- ♥ **TEMPADA BAIXA:** 1 de novembro a 17 de decembro
- ♥ **TEMPADA MEDIA:** 13 a 30 de abril
- ♥ **TEMPADA ALTA:** 1 de maio a 20 de xuño e de 11 de setembro a 15 de outubro

2021

- ♥ **TEMPADA BAIXA:** 15 de xaneiro a 27 de marzo e de 16 de outubro a 10 de decembro
- ♥ **TEMPADA MEDIA:** 28 de marzo a 30 de abril
- ♥ **TEMPADA ALTA:** 1 de maio a 20 de xuño e de 11 de setembro a 15 de outubro



♥ PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE

O prazo para solicitar as prazas do programa será:

- Para a tempada 2020: do 3 de febreiro ao 3 de marzo de 2020.
- Para a tempada 2021: do 1 ao 30 de setembro de 2020.

Se neste prazo non se cubriren a totalidade das prazas dispoñibles, admitiranse solicitudes por orde de presentación ata a total cobertura das prazas e sempre con dúas semanas de antelación á data de saída.

Só poderá presentarse unha solicitude por persoa, ano e programa. É dicir, as persoas que participen cun colectivo non poderán presentar solicitude para a participación en outros programas.

♥ COMO SOLICITAR PRAZA

a) Nas axencias de viaxes:

- Todas as axencias de viaxes de Galicia poderán informar e prestar apoio para o cumprimento das solicitudes.
- Será a axencia de viaxes onde, en caso de resultar beneficiario/a, realizará a reserva da viaxe.
- A solicitude, neste caso, será a través do portal <https://sede.xunta.gal>, actuando a axencia de viaxes como representante do beneficiario. En caso de que a axencia non poida facer a solicitude telemáticamente, facilitará información para que o usuario a poida realizar presencialmente.

b) Telematicamente:

- Por vía electrónica a través do formulario normalizado que figura ao final destas bases como Anexo II, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.
- Para optar a esta vía hai que contar con calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

c) Presencialmente:

- En persoa e en papel en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

♥ DOCUMENTACION A PRESENTAR

a) Común a todos os colectivos:

- Anexo II: modelo de solicitude normalizado segundo colectivo beneficiario, no que se indicará a modalidade do programa, ano e a tempada de desfrute.
- Documentación xustificativa de padecer unha discapacidade, no caso de que o órgano que realiza tal recoñecemento non dependa da Xunta de Galicia.
- Anexo III cando se inclúan na solicitude outras persoas beneficiarias ou acompañantes.

b) Colectivo de maiores:

- Libro de familia cando se inclúan na solicitude como persoas beneficiarias os/as cónxuxes e os/as fillos/as con discapacidade.

c) Colectivo de familias:

- Libro de familia ou documento que acredite a convivencia.
- Título de familia numerosa no caso de non ser expedido pola Xunta de Galicia.

♥ OUTRAS NOTAS DE INTERESE

- A sede electrónica da Xunta de Galicia permite ás persoas interesadas realizar trámites electrónicos, con posterioridade ao inicio do expediente, accedendo á carpeta cidadá da persoa interesada.
- A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras.
- A unidade administrativa encargada da tramitación deste procedemento poderá solicitar, no caso de consideralo necesario, a documentación complementaria aclaratoria dos datos que figuren na solicitude.
- Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas: DNI, NIF, certificados de estar ao día do pagamento das obrigas tributarias e da Seguridade Social, datos de residencia, certificados de discapacidade, certificados de pensionistas, concesións de subvencións e axudas dos solicitantes, posibles inhabilitacións, títulos de familia numerosa e outra documentación recollida nas bases do programa.
- No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no formulario de inicio e no Anexo III segundo corresponda, e achegar os documentos comprobatorios.

♥ RESERVA DA VIAXE

- A reserva das viaxes realizarase nas axencias de viaxes de toda Galicia, as cales estarán, na medida do posible, identificadas coa cartelería do programa.
- A Xunta de Galicia publicará o listado de beneficiarios do programa Elixe Galicia así como una lista de espera ou reserva en www.turismo.gal.
- O beneficiario deberá formalizar a reserva da praza e a selección do turno da viaxe nun prazo de 3 días hábiles a contar desde o día seguinte da súa publicación. Nese momento aboarase o 20% do prezo en concepto de reserva e indicarse se algún usuario ten mobilidade reducida e en que grao.
- Transcorrido o prazo de 3 días, quen non tivo praza na modalidade solicitada pode optar a outra formalizando a reserva no prazo máximo de 10 días hábiles, según o mesmo procedemento.
- Os beneficiarios das listas de espera poderán optar á súa praza se non se cubren polos beneficiarios iniciais.
- A totalidade do pago da praza deberá completarse 60 días antes do día fixado para o comezo da quenda de que se trate. Salvo que se no momento de efectuar a reserva a data de inicio atópase nese período de 60 días, que haberá que aboar o 100%.

PREZOS

Estancia en Balnearios / Spa

	Tempada Alta	Tempada Media	Tempada Baixa
PVP Usuario	246 €	222 €	198 €
Importe subvencionado pola Xunta	158 €	140 €	128 €
Prezo total da viaxe	404 €	362 €	326 €

Suplemento Individual: 175 €

Natureza e Montaña

	Tempada Alta	Tempada Media	Tempada Baixa
PVP Usuario	141 €	129 €	117 €
Importe subvencionado pola Xunta	82 €	76 €	70 €
Prezo total da viaxe	223 €	205 €	187 €

Suplemento Individual: 99 €

Vacacións en zonas costeiras

	Tempada Alta	Tempada Media	Tempada Baixa
PVP Usuario	204 €	180 €	144 €
Importe subvencionado pola Xunta	118 €	112 €	90 €
Prezo total da viaxe	322 €	292 €	234 €

Suplemento Individual: 135 €

Historia e Cultura

	Tempada Alta	Tempada Media	Tempada Baixa
PVP Usuario	141 €	129 €	117 €
Importe subvencionado pola Xunta	78 €	72 €	66 €
Prezo total da viaxe	219 €	201 €	1830 €

Suplemento Individual: 99 €

HOTEIS PREVISTOS

Balnearios / Spa

Hotel Spa Galatea **** Sanxenxo, Pontevedra
Hotel Spa Attica 21 Vilalba **** Vilalba, Lugo
Lobios / Laias Caldaria **** Cenlle, Ourense
Balneario Acuña ** Caldas de Reis, Pontevedra



Natureza e Montaña

Vacacións en zonas costeiras

Historia e Cultura

RÍAS BAIXAS

Hotel Montemar *** O Grove, Pontevedra
Hotel Sun Galicia *** Forxán, Pontevedra
Hotel Pedramar *** Sanxenxo, Pontevedra
Hotel Villa Juanita *** O Grove, Pontevedra
Hotel Villa Cabicastro *** Portonovo, Pontevedra
Hotel Campomar *** Noalla, Pontevedra

RÍAS ALTAS

Hotel Aida Sada Marina *** Sada, A Coruña
Hotel Attica 21 As Galeras *** Oleiros, A Coruña
Hotel Oca Insua Costa da Morte *** Cee, A Coruña
Hotel Vida Mar de Laxe *** Laxe, A Coruña
Hotel Val do Naseiro **** Lugo
Hotel Eumesa *** Pontedeume



Estancia en Balneario / Spa Rías Altas

5 DÍAS / 4 NOITES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - CIRCUÍTO TERMAL

Saída á hora indicada dirección a Vilalba. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Durante a tarde realizaremos un circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. FRAGAS DO EUME - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo e saída con dirección cara ás Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa e un dos escasísimos bosques do seu tipo no continente. Trátase dun frondoso bosque de conto que coñeceremos primeiro no seu Centro de Interpretación para despois gozar do gran canón que garda este tesouro botánico. Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo Etnográfico da Capela, onde coñeceremos un pouco de historia dos antepasados da zona, costumes e forma de vida. Xantar no hotel. Durante a tarde realizaremos un circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 3. RIBADEO - PRAIADAS CATEDRAIS - MONDOÑEDO

Almorzo. Pola mañá sairemos cara a Ribadeo para coñecer a localidade e a súa famosa praia das Catedrais. En Ribadeo destacan varios edificios modernistas e pazos, como o de Ibáñez (hoxe casa do concello), o miradoiro da Atalaia e o Cargadeiro, antiga estrutura metálica de uso industrial, que hoxe conforma un excepcional miradoiro sobre a ría. Continuaremos cunha visita á praia das Catedrais (monumento natural), na que destacan as súas impresionantes formacións rochosas. Xantar en restaurante.



Pola tarde, achegarémonos a Mondoñedo. A súa zona vella está declarada ben de interese cultural. Nela atopamos o seu edificio máis significativo, a catedral, coñecida como a “axeonllada”, onde poderemos coñecer o seu Museo Catedralicio. Ademais de percorrer a súa zona vella, achegarémonos ao barrio dos Muíños. Cea e aloxamento.

DÍA 4. LUGO - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá visitaremos Lugo, nacido do campamento romano Lucus Augusti, cuxas murallas romanas foron declaradas patrimonio da humanidade. Visitaremos o Centro de Interpretación da Muralla. Destacan a catedral de Santa María, o palacio de San Marcos e o convento de San Francisco, sede do Museo Provincial. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e último día para gozar do circuítio termal no Balneario. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.

Nota: itinerario suxeito ás mareas, posto que a Praia das Catedrais hai que visitala con baixamar.



TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Centro de Interpretación Fragas do Eume
- Museo Etnográfico da Capela
- Museo Catedralicio de Mondoñedo
- Centro Interpretación da Muralla
- Museo Provincial de Lugo



Estancia en Balneario / Spa Rías Baixas

5 DÍAS / 4 NOITES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS BAIXAS

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde gozaremos dun circuíto termal no Balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. O GROVE - A TOXA - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá faremos visita do Grove e da Toxa. O Grove é coñecido como “a capital do marisco” e A Toxa é famosa polos produtos cosméticos, elaborados cos sales das súas augas termais. Destaca a capela das Cunchas. No Grove realizaremos unha panorámica de toda a península con subida ao miradoiro da Siradella. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuíto termal no Balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 3. CAMBADOS - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá coñeceremos a localidade de Cambados, Cidade Europea do Viño en 2017, onde percorrерemos as súas rías, consideradas un auténtico museo ao aire libre ao ser un dos conxuntos históricos mellor conservados de Galicia. Destacan a Praza de Fefiñáns, e as ruínas de Santa Mariña Dozo e o Muíño de Mareas da Seca. Finalizaremos a mañá coñecendo unha adega, con degustación. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuíto termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 4. TUI - SANTA TREGA - BAIONA

Almorzo. Pola mañá coñeceremos o conxunto monumental de Tui, unha das vilas máis antigas de Galicia, con estrutura medieval e rúas estreitas, declarada conxunto histórico e artístico e sede episcopal. Aquí visitaremos a catedral, unha auténtica xoia arquitectónica. Xantar en restaurante.

Pola tarde coñeceremos o castro de Santa Trega, poboado amurallado que conta cun importante xacemento arqueolóxico, onde gozaremos das impresionantes vistas da desembocadura do río Miño facendo fronteira con Portugal. Finalizaremos o día en Baiona, onde coñeceremos a Casa da Navegación e unha recreación da Carabela A Pinta de Colón. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo. Pola mañá gozaremos dun circuíto termal no Balneario. Xantar no Hotel. Saída cara á cidade de orixe, chegada e fin dos nosos servizos.



OPCIONAL

Paseo en barco a bordo dun catamarán pola ría de Arousa, con degustación de mexillóns.

PREZO: 15€




TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Cata en adega das Rías Baixas
- Catedral de Tui
- Casa da Navegación
- Carabela A Pinta de Colón





Estancia en Balneario / Spa Ourense

5 DÍAS / 4 NOITES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - OURENSE - CIRCUÍTO TERMAL

Saída á hora indicada dirección a Ourense. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde gozaremos dun circuío termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. OURENSE - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá visitaremos Ourense, urbe de orixe romana, que posúe un importante patrimonio relixioso e medieval. Na nosa visita faremos especial fincapé nos seus principais atractivos, como a ponte romana, a capela barroca do Santo Cristo, situada na catedral de San Martín e as burgas, a fonte de auga termal situada en pleno corazón da cidade, motivo principal polo que os romanos decidiron que este era un bo lugar para asentarse. Pasearemos pola súa alameda e teremos tempo de coñecer o seu mercado municipal. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuío termal no balneario.

DÍA 3. RIBEIRA SACRA - CRUCEIRO CANÓNS DO SIL

Almorzo. Pola mañá, saída cara ao embarcadoro de Santo Estevo de Ribas do Sil, onde comezaremos un cruceiro para coñecer o seu patrimonio e gozar da pasaxe que forman os canóns do Sil. Xantar en restaurante.

Pola tarde continuaremos coa nosa visita percorrendo os principais mosteiros que lle dan o nome de Ribeira Sacra, como o mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil e o mosteiro de Santo Estevo, actual parador de turismo onde poderemos facer unha visita polos seus claustros. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 4. MOSTEIRO DE OSEIRA - CEA - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo e saída cara ao mosteiro de Oseira para visitar, con guía, o coñecido como “o Escorial galego”. Destaca especialmente, a igrexa do mosteiro, da época medieval, exemplo da arquitectura cisterciense e unha das xoias arquitectónicas da provincia. A continuación dirixirémonos a Cea para visitar a localidade. Finalizaremos o día coñecendo un forno tradicional de pan de Cea, con degustación. Xantar no hotel. Durante a tarde realizaremos un circuío termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e último día para gozar do circuío termal no Balneario. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Xantar en restaurante
- Cruceiro polos Canóns do Sil
- Entrada ao Mosteiro de Oseira
- Visita a forno tradicional de pan de Cea con degustación





Estancia en Balneario / Spa Rías Altas

5 DÍAS / 4 NOITES

especial familias

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - CIRCUÍTO TERMAL

Saída á hora indicada dirección a provincia de Lugo. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde gozaremos dun circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. LAGOA DE COSPEITO - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá visitaremos, o Espazo Natural da Lagoa de Cospeito. Trátase dunha das zonas húmidas máis importantes de Galicia e é a máis grande das dez que forman o “complexo húmido da Terra Chá”. Conta cun Centro de Interpretación, no que comeza un sendeiro aproximadamente dun quilómetro que bordea a lagoa, onde se sitúan varios observatorios de aves. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 3. RIBADEO - PRAIADAS CATEDRAIS - MONDOÑEDO

Almorzo. Pola mañá sairemos cara a Ribadeo para coñecer a localidade e a súa famosa praia das Catedrais. En Ribadeo destacan varios edificios modernistas e pazos, como o de Ibáñez (hoxe casa do concello), o miradoiro da Atalaia e o Cargadoiro, antiga estrutura metálica de uso industrial, que hoxe conforma

un excepcional miradoiro sobre a ría. Continuaremos cunha visita á praia das Catedrais (monumento natural), na que destacan as súas impresionantes formacións rochosas. Xantar en restaurante. Pola tarde, achegarémonos a Mondoñedo. As súa zona vella foi declarada ben de interese cultural. Nel atopamos o seu edificio máis significativo, a catedral, coñecida como a “axeonllada”. Ademais de percorrer a súa zona vella, achegarémonos ao barrio dos Muíños e coñeceremos un dos seus múltiples talleres artesanís. Cea e aloxamento.

DÍA 4. FRAGAS DO EUME - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo e saída con dirección cara ás Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa e un dos escasísimos bosques do seu tipo no continente. Trátase dun frondoso bosque de conto que coñeceremos primeiro no seu Centro de Interpretación, para despois gozar do gran canón que garda este tesouro botánico. Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo Etnográfico da Capela, onde coñeceremos un pouco de historia dos antepasados da zona, costumes e forma de vida. Xantar no hotel. Durante a tarde realizaremos un circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e último día para gozar do circuítio termal no Balneario. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.

Nota: itinerario suxeito ás mareas, posto que a Praia das Catedrais hai que visitala con baixamar.



TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Centro de Interpretación Fragas do Eume
- Museo Etnográfico da Capela
- Taller artesanís en Mondoñedo





Estancia en Balneario / Spa Rías Baixas

5 DÍAS / 4 NOITES

especial familias

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - CIRCUÍTO TERMAL

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde gozaremos dun circuítio termal no Balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. RUTA “DA PEDRA E DA AUGA” - MOSTEIRO DA ARMENTEIRA - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá faremos un tramo da “Ruta da Pedra e da Auga”. A ruta transcorre á beira do río Armenteira polos municipios de Ribadumia e Meis, no corazón do Salnés, unha bela e turística comarca próxima á ría de Arousa, con magníficas praias na franxa litoral e fermosas estampas vitivinícolas no interior. O sendeiro coincide cun vello camiño que a poboación local percorría cada luns de Pascua para subir ata o mosteiro da Armenteira. Continuaremos cara ao mosteiro da Armenteira. Pertenceu á orde do Císter de aí a sobriedade da súa fábrica. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuítio termal no Balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 3. FERVENZA DO RÍO BAROSA - PARQUE ARQUEOLÓXICO DE CAMPO LAMEIRO - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá coñeceremos o Parque da Natureza Río Barosa, en Barro, unha contorna natural que chama a atención polas pequenas fervenzas que forma o río a través das rochas. A continuación dirixirémonos ao Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, que forma parte da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico e alberga un dos conxuntos de arte rupestre máis importantes. Xantar no hotel. Finalizaremos a tarde gozando dun circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.



DÍA 4. VIGO - VERBUM - ZAMÁNS

Almorzo. Empezaremos o día en Castrelos, onde gozaremos da contorna e poderemos coñecer o Museo Pazo Quiñones de León. Tras a visita, iremos ao centro da cidade para gozar un intre no parque do Castro, desde onde teremos unha impresionante vista de Vigo e a súa ría. Trátase dun magnífico xardín urbano, no corazón da cidade no que alberga, na súa ladeira máis baixa, un xacemento castrexo do século III e I a. C. Xantar en restaurante. Pola tarde, acercáronos a Samil para coñecer o Museo Verbum, que permite experimentar e coñecer todo o relacionado co linguaxe a través de xogos. Finalizaremos o día cunha pequena ruta etnográfica en Zamáns. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo. Pola mañá gozaremos dun circuítio termal no Balneario. Xantar no hotel. Saída cara á cidade de orixe, chegada e fin dos nosos servizos.



OPCIONAL

Paseo en barco a bordo dun catamarán pola ría de Arousa, con degustación de mexillóns.

PREZO: 15€



TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Mosteiro da Armenteira
- Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro
- Museo Pazo Quiñones de León
- Museo Verbum



Estancia en Balneario / Spa Ourense

5 DÍAS / 4 NOITES

especial familias

Itinerario

CIDADE ORIXE - OURENSE - CIRCUÍTO TERMAL

Saída á hora indicada dirección a Ourense. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde gozaremos dun circuíto termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. OURENSE - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá visitaremos Ourense, urbe de orixe romana, que posúe un importante patrimonio relixioso e medieval. Na nosa visita faremos especial fincapé nos seus principais atractivos, como a ponte romana, a capela barroca do Santo Cristo, situada na catedral de San Martín e as burgas, a fonte de auga termal situada en pleno corazón da cidade, motivo principal polo que os romanos decidiron que este era un bo lugar para asentarse. Pasearemos pola súa alameda e teremos tempo de coñecer o seu mercado municipal. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuíto termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 3. RIBEIRA SACRA - CRUCEIRO CANÓNS DO SIL

Almorzo. Pola mañá, saída cara ao embarcadoiro de Santo Estevo de Ribas do Sil, onde comezaremos un cruceiro para coñecer o seu patrimonio e gozar da pasaxe que forman os canóns do Sil. Xantar en restaurante.



TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Cruceiro polos Canóns do Sil
- Entrada ao Museo Galego do Xoguete

Pola tarde continuaremos coa nosa visita percorrendo os principais mosteiros que lle dan o nome de Ribeira Sacra, como o mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil e o mosteiro de Santo Estevo, actual parador de turismo onde poderemos facer unha visita polos seus claustros. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 4. ALLARIZ - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo e saída para visitar Allariz, declarada conxunto histórico-artístico e situado no corazón da Reserva da Biosfera Área de Allariz. Percorreremos o seu centro histórico, onde coñeceremos o museo Galego do Xoguete, que conta cun fondo museístico de preto de 1500 pezas representativas dos xoguetes do século XX. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuíto termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e último día para gozar do circuíto termal no Balneario. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Allariz



Estancia en Balneario / Spa Rías Altas

5 DÍAS / 4 NOITES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - CIRCUÍTO TERMAL

Saída á hora indicada dirección a Vilalba. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Durante a tarde realizaremos un circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. LAGOA DE COSPEITO - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá visitaremos, o Espazo Natural da Lagoa de Cospeito. Trátase dunha das zonas húmidas máis importantes de Galicia e é a máis grande das dez que forman o “complexo húmido da Terra Chá”. Conta cun Centro de Interpretación, no que comeza un sendeiro aproximadamente dun quilómetro que bordea a lagoa, onde se sitúan varios observatorios de aves. Aquí realizaremos unha pequena ruta de sendeirismo. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 3. A CORUÑA - MUSEO DE ESTRELLA GALICIA

Almorzo. Pola mañá sairemos cara á Coruña. Realizaremos un percorrido panorámico pola Mariña, onde se atopan as famosas fachadas acristaladas que lle outorgaron o pseudónimo de “a cidade de cristal”. Coñeceremos o seu centro histórico, onde destacaremos a Praza de María Pita e o edificio do concello. Tamén teremos ocasión de contemplar a praia de Riazor e a Torre de Hércules, declarada patrimonio da humanidade pola UNESCO. Xantar en restaurante.

Pola tarde coñeceremos o Museo de Estrella Galicia (MEGA), está en plena cidade da Coruña (dentro da fábrica), trátase do primeiro museo de cervexa en España e o único en Europa que está dentro das instalacións en activo. Coñeceremos o proceso de elaboración e realizaremos unha cata. Cea e aloxamento.

DÍA 4. FRAGAS DO EUME - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo e saída con dirección cara ás Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa e un dos escasísimos bosques do seu tipo no continente. Trátase dun frondoso bosque de conto que coñeceremos primeiro no seu Centro de Interpretación para despois gozar do gran canón que garda este tesouro botánico. Xantar no hotel. Durante a tarde realizaremos un circuítio termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e último día para gozar do circuítio termal no Balneario. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Centro de Interpretación Fragas do Eume
- Museo Estrela Galicia



MEGA



Estancia en Balneario / Spa Rías Baixas

5 DÍAS / 4 NOITES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - CIRCUÍTO TERMAL

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde gozaremos dun circuío termal no Balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. RUTA “DA PEDRA E DA AUGA” - MOSTEIRO DA ARMENTEIRA - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá faremos un tramo da “Ruta da Pedra e da Auga”. A ruta transcorre á beira do río Armenteira polos municipios de Ribadumia e Meis, no corazón do Salnés, unha bela e turística comarca próxima á ría de Arousa, con magníficas praias na franxa litoral e fermosas estampas vitivinícolas no interior. O sendeiro coincide cun vello camiño que a poboación local percorría cada luns de Pascua para subir ata o mosteiro da Armenteira.



OPCIONAL

Paseo en barco a bordo dun catamarán pola ría de Arousa, con degustación de mexillóns.

PREZO: 15€



TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Mosteiro da Armenteira
- Cata en adega das Rías Baixas
- Museo de Pazo de Quiñones
- Casa da Navegación
- Carabela A Pinta de Colón

Continuaremos cara ao mosteiro da Armenteira. Pertenceu á orde do Císter de aí a sobriedade da súa fábrica. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuío termal no Balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 3. CAMBADOS - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá coñeceremos a localidade de Cambados, Cidade Europea do Viño en 2017, onde percorrерemos as súas rúas, consideradas un auténtico museo ao aire libre ao ser un dos conxuntos históricos mellor conservados de Galicia. Destacan a Praza de Fefiñáns, e as ruínas de Santa Mariña Dozo e o Muíño de Mareas da Seca. Finalizaremos a mañá coñecendo unha adega, con degustación. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuío termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 4. VIGO - SANTA TREGA - BAIONA

Almorzo. Saída cara a Vigo para realizar unha visita panorámica coñecendo as principais arterias da cidade. Despois visitaremos un dos seus edificios máis singulares, o pazo de Castelros que alberga o Museo Quiñones de León. Xantar en restaurante. Pola tarde trasladarémonos ao monte de Santa Trega onde gozaremos das impresionantes vistas da desembocadura do río Miño facendo fronteira con Portugal. Finalizaremos o día en Baiona, onde coñeceremos a Casa da Navegación e unha recreación da Carabela A Pinta de Colón. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo. Pola mañá gozaremos dun circuío termal no Balneario. Xantar no Hotel. Saída cara á cidade de orixe, chegada e fin dos nosos servizos.





Estancia en Balneario / Spa Ourense

5 DÍAS / 4 NOITES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - OURENSE - CIRCUÍTO TERMAL

Saída á hora indicada dirección a Ourense. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde gozaremos dun circuítro termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 2. OURENSE - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo. Pola mañá visitaremos Ourense, urbe de orixe romana, que posúe un importante patrimonio relixioso e medieval. Na nosa visita faremos especial fincapé nos seus principais atractivos, como a ponte romana, a capela barroca do Santo Cristo, situada na catedral de San Martín e as burgas, a fonte de auga termal situada en pleno corazón da cidade, motivo principal polo que os romanos decidiron que este era un bo lugar para asentarse. Pasearemos pola súa alameda e teremos tempo de coñecer o seu mercado municipal. Xantar no hotel. Pola tarde gozaremos dun circuítro termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 3. RIBEIRA SACRA - CRUCEIRO CANÓNS DO SIL

Almorzo. Pola mañá, saída cara ao embarcadoiro de Santo Estevo de Ribas do Sil, onde comezaremos un cruceiro para coñecer o seu patrimonio e gozar da pasaxe que forman os canóns do Sil. Xantar en restaurante.

Pola tarde continuaremos coa nosa visita percorrendo os principais mosteiros que lle dan o nome de Ribeira Sacra, como o mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil e o mosteiro de Santo Estevo, actual parador de turismo onde poderemos facer unha visita polos seus claustros. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 4. RIBADAVIA - CIRCUÍTO TERMAL

Almorzo e saída cara a Ribadavia, capital da comarca do Ribeiro. Poderemos visitar a súa famosa xudería e a súa zona vella. Aquí celébrase cada ano a famosa Festa das Historia lembrando esa época de esplendor da vila. Destacamos o castelo da vila e as igrexas de Santiago, San Xoán e Santo Domingo. Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo do Viño de Galicia. Xantar no hotel. Durante a tarde realizaremos un circuítro termal no balneario. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CIRCUÍTO TERMAL - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e último día para gozar do circuítro termal no Balneario. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



TRATAMENTO

Este itinerario inclúe un tratamento no hotel para o que será preciso acordar día e hora en recepción (só en caso de non estar indicado xa no bono de reserva)

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Xantar en restaurante
- Cruceiro polos Canóns do Sil
- Museo do Viño de Galicia





Vacacións en zonas costeiras Rías Baixas

5 DÍAS / 4 NOCHES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS BAIXAS - O GROVE - A TOXA

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Chegada e xantar no hotel. Pola tarde coñeceremos O Grove, vila tradicionalmente mariñeira e turística coñecida como a “capital do marisco”. Realizaremos un percorrido por toda a península percorrendo a súa costa desde o océano Atlántico ata as tranquilas augas da ría de Arousa. A continuación visitaremos o Museo da Salgadura. Finalizaremos o día na illa da Toxa, onde destaca o parque dos Grobits. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

DÍA 2. RUTA “DA PEDRA E DA AUGA” - MOSTEIRO DA ARMENTEIRA - PONTEVEDRA - COMBARRO

Almorzo. Pola mañá faremos un tramo da “Ruta da Pedra e da Auga”. A ruta transcorre á beira do río Armenteira polos municipios de Ribadumia e Meis, no corazón do Salnés, unha bela e turística comarca próxima á ría de Arousa, con magníficas praias na franxa litoral e fermosas estampas vitivinícolas no interior. O sendeiro coincide cun vello camiño que a poboación local percorría cada luns de Pascua para subir ata o mosteiro da Armenteira, que visitaremos. Xantar no hotel. Pola tarde saída cara a Pontevedra, gozaremos dun paseo polas súa coidada zona vella, visitando a igrexa da Virxe Peregrina e a poucos metros desta, a Praza da Ferrería e igrexa-convento de San Francisco, desde aquí

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Museo do ferrocarril
- Castro de Santa Trega
- Mosteiro da Armenteira
- Museo da Salgadura
- Museo Quiñones de León
- Casa da Navegación
- Carabela da Pinta de Colón
- Cata en adega das Rías Baixas

poderemos coñecer os distintos edificios do museo e as fermosas e acolledoras prazas da Leña e da Verdura. Destacan tamén as ruínas de Santo Domingo e a Basílica de Santa María. Finalizaremos o día en Combarro, onde destacan os hórreos sobre a ría. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. VILANOVA - VILAGARCÍA - TARDE LIBRE

Almorzo. Pola mañá sairemos para visitar Vilanova de Arousa, localidade mariñeira que conta cun bonito paseo marítimo. A continuación trasladarémonos a Vilagarcía de Arousa. Percorreremos a zona do Castro, ata a igrexa parroquial e coñeceremos a contorna da Xunqueira co Pazo de Vista Alegre. Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo do Ferrocarril. Xantar no hotel. Tarde libre. Cea e aloxamento.

DÍA 4. TUI - SANTA TREGA - BAIONA

Almorzo. Pola mañá coñeceremos o conxunto monumental de Tui, unha das vilas máis antigas de Galicia, con estrutura medieval e rúas estreitas, declarada conxunto histórico e artístico e sede episcopal. Aquí visitaremos a catedral, unha auténtica xoia arquitectónica. Xantar en restaurante. Pola tarde coñeceremos o castro de Santa Trega, poboado amurallado que conta cun importante xacemento arqueolóxico, onde gozaremos das impresionantes vistas da desembocadura do río Miño facendo fronteira con Portugal. Finalizaremos o día en Baiona, onde coñeceremos a Casa da Navegación e unha recreación da carabela A Pinta de Colón. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CAMBADOS - CIDADE DE ORIXE

Almorzo. Pola mañá coñeceremos a localidade de Cambados, Cidade Europea do Viño en 2017, onde percorreremos as súas rúas, consideradas un auténtico museo ao aire libre ao ser un dos conxuntos históricos mellor conservados de Galicia. Destacan a Praza de Fefiñáns, e as ruínas de Santa Mariña do Dozo e o Muíño de Mareas da Seca. Finalizaremos a mañá coñecendo unha adega, con degustación. Xantar no hotel. Saída cara a cidade de orixe, chegada e fin dos nosos servizos.



OPCIONAL

Paseo en barco a bordo dun catamarán pola ría de Arousa, con degustación de mexillóns. PREZO: 15€



Vacacións en zonas costeiras Rías Altas

5 DÍAS / 4 NOCHES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - BERGONDO - PONTEDEUME

Saída á hora indicada dirección ás Rías Altas. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde trasladarémonos á localidade de Bergondo para realizar unha visita ao pazo de Mariñán, cos seus bonitos xardíns e unha gran colección de arte. Despois visitaremos Pontedeume, vila pesqueira cun fermoso paseo marítimo e ponte de pedra medieval. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

DÍA 2. DOMUS OU CASA DO HOME - BUÑO - MALPICA DE BERGANTIÑOS

Almorzo. Pola mañá visita á Domus. Situado nun espectacular edificio deseñado polo arquitecto xaponés Arata Isozaki, este museo está pensado para divertir ao visitante estimulando a súa curiosidade. A través das exposicións descóbrense as diferentes características da especie humana. Xantar no hotel. Pola tarde visita á Costa da Morte. A nosa primeira visita será Buño. Famosa pola súa olería, a máis antiga de Galicia fabricada en barro. Visitaremos un antigo forno restaurado en funcionamento Ecomuseo Forno do Forte e unha exposición desta cerámica. Continuamos cara a Malpica de Bergantiños, onde termina a Costa da Morte e comeza a ría de Coruña. Na súa costa destacan as pequenas illas Sisargas. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. A CORUÑA - TARDE LIBRE

Almorzo. Pola mañá saída en dirección á Coruña. Realizaremos un percorrido panorámico pola Mariña, onde se atopan as famosas fachadas acristaladas que lle outorgaron o pseudónimo de “a cidade de cristal”. Coñeceremos o seu centro histórico, onde destacaremos a praza de María Pita e o edificio do concello. Tamén teremos ocasión de contemplar a praia de Riazor e a Torre de Hércules, declarada patrimonio da humanidade pola UNESCO. Xantar no hotel. Tarde libre. Cea e aloxamento.

DÍA 4. RIBADEO - PRAIADAS CATEDRAIS - MONDOÑEDO

Almorzo e saída cara a Ribadeo para coñecer a localidade e a famosa praia das Catedrais. En Ribadeo destacan edificios modernistas e pazos, como o de Ibáñez (hoxe casa do concello), o miradoiro da Atalaia e o Cargadeiro, antiga estrutura metálica de uso industrial, que hoxe conforma un excepcional miradoiro sobre a ría. Continuaremos cunha visita á praia das Catedrais (monumento natural), na que destacan as súas impresionantes formacións rochosas. Xantar en restaurante. Pola tarde, achegarémonos a Mondoñedo. A súa zona vella está declarada ben de interese cultural. Nela atopamos o seu edificio máis significativo, a catedral, coñecida como a “axeonllada”. Ademais de percorrer a súa zona vella, achegarémonos ao barrio dos Muíños e coñeceremos o Museo Catedralicio. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 5. RÍAS ALTAS - FERROL

Almorzo. Pola mañá saída en dirección a Ferrol, poboación que se fundou e desenvolveu sempre pola importancia do seu porto e tamén ligada á construción naval e á armada española. Na nosa visita destacamos o barrio da Magdalena, a casa Pereira e casa Romero ou a concatedral de San Xíao. Nos arredores da cidade temos o castelo de San Felipe, ademais do seu Museo Naval. Xantar no hotel. Saída cara a lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.

Nota: itinerario suxeito ás mareas, posto que a Praia das Catedrais hai que visitala con baixamar.



OPCIONAL

Opcionalmente poderemos visitar o Museo Estrella Galicia (MEGA), con degustación de cervexas.

PREZO: 22€

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Museo Catedralicio de Mondoñedo
- Pazo de Mariñán
- Torre de Hércules
- Ecomuseo Forno do Forte
- A Domus
- Museo Naval de Ferrol



Malpica



Vacacións en zonas costeiras Rías Baixas

5 DÍAS / 4 NOCHES

especial familias

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - MARÍN - PARQUE DOS SENTIDOS

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde dirixirémonos a Marín, para coñecer esta cidade industrial. Alí teremos a ocasión de gozar dos xogos da Granxa de Briz, tamén coñecido como o parque dos Sentidos de Marín. Finalizaremos o día paseando e gozando da natureza no lago de Castiñeiras. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. RUTA “DA PEDRA E DA AUGA” - MOSTEIRO DA ARMENTEIRA - O GROVE - A TOXA

Almorzo. Pola mañá faremos un tramo da “Ruta da Pedra e da Auga”. A ruta transcorre á beira do río Armenteira polos municipios de Ribadumia e Meis, no corazón do Salnés, unha bela e turística comarca próxima á ría de Arousa, con magníficas praias na franxa litoral e fermosas estampas vitivinícolas no interior. O sendeiro coincide cun vello camiño que a poboación local percorría cada luns de Pascua para subir ata o mosteiro da Armenteira. Continuaremos cara ao mosteiro da Armenteira. Pertenceu á orde do Císter, de aí a sobriedade da súa fábrica. Xantar no hotel. Pola tarde coñeceremos O Grove, vila tradicionalmente mariñeira e turística coñecida como a “capital do marisco”. Realizaremos un percorrido por toda a península ollando a súa costa desde o océano Atlántico ata as tranquilas augas da ría de Arousa.



OPCIONAL

Opcionalmente poderemos facer unha visita guiada ao Acuario de O Grove.

PREZO: 15€

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Parque dos Sentidos
- Mosteiro da Armenteira
- Museo Quiñones de León
- Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro
- Museo Verbum
- Museo da Salgadura

A continuación visitaremos o Museo da Salgadura. Finalizaremos o día na illa da Toxa, onde destaca o parque dos Grobits. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. FERVENZA DO RÍO BAROSA - PARQUE ARQUEOLÓXICO DE CAMPO LAMEIRO - TARDE LIBRE

Almorzo. Pola mañá coñeceremos o Parque da Natureza Río Barosa, en Barro, unha contorna natural que chama a atención polas pequenas fervenzas que forma o río a través das rochas. A continuación dirixirémonos ao Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre de Campo Lameiro, que forma parte da Rede Galega do Patrimonio Arqueolóxico e alberga un dos conxuntos de arte rupestre máis importantes. Xantar no hotel. Tarde libre. Cea e aloxamento.

DÍA 4. VIGO - VERBUM - ZAMÁNS

Almorzo. Empezaremos o día en Castrelos, onde gozaremos da contorna e poderemos coñecer o Museo Pazo Quiñones de León. Tras a visita, iremos ao centro da cidade para gozar un intre no parque do Castro, desde onde teremos unha impresionante vista de Vigo e a súa ría. Trátase dun magnífico xardín urbano, no corazón da cidade no que alberga, na súa ladeira máis baixa, un xacemento castrexo do século III e I a. C. Xantar en restaurante.

Pola tarde, acercarémonos a Samil para coñecer o Museo Verbum, que permite experimentar e coñecer todo o relacionado co linguaxe a través de xogos. Finalizaremos o día cunha pequena ruta etnográfica en Zamáns. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CAMBADOS - CIDADE DE ORIXE

Almorzo. Pola mañá almorzo. Pola mañá coñeceremos a localidade de Cambados, Cidade Europea do Viño en 2017, onde percorreremos as súas rúas, consideradas un auténtico museo ao aire libre ao ser un dos conxuntos históricos mellor conservados de Galicia. Destacan a Praza de Fefiñáns, e as ruínas de Santa Mariña Dozo e o Muíño de Mareas da Seca. Xantar no hotel. Saída cara á cidade de orixe, chegada e fin dos nosos servizos.



Campo Lameiro



Vacacións en zonas costeiras Rías Altas

5 DÍAS / 4 NOCHES

especial familias

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - BERGONDO - PONTEDEUME

Saída á hora indicada dirección ás Rías Altas. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde trasladarémonos á localidade de Bergondo para realizar unha visita ao Pazo de Mariñán, cos seus bonitos xardíns e unha gran colección de arte. Despois visitaremos Pontedeume, vila pesqueira con fermoso paseo marítimo e ponte de pedra medieval. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

DÍA 2. A CORUÑA - DOMUS

Almorzo. Pola mañá saída en dirección á Coruña. Realizaremos un percorrido panorámico pola Mariña, onde se atopan as famosas fachadas acristaladas que lle outorgaron o pseudónimo de “a cidade de cristal”. Coñeceremos o seu centro histórico, onde destacaremos a Praza de María Pita e o edificio do concello. Tamén teremos ocasión de contemplar a praia de Riazo e a Torre de Hércules, declarada patrimonio da humanidade pola UNESCO. Xantar no hotel. Pola tarde visita á Domus, tamén coñecida como a Casa do Home. Situado nun espectacular edificio deseñado polo arquitecto xaponés Arata Isozaki, este museo está pensado para divertir o visitante estimulando a súa curiosidade. A través das diferentes exposicións descóbrense as diferentes características da especie humana. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. CASA DAS CIENCIAS - ACUARIO

Almorzo. Pola mañá saída para visitar a Casa das Ciencias, na Coruña. Situado no palacete do parque de Santa Margarita, este museo científico e cultural dispón de tres plantas para albergar exposicións relacionadas coa ciencia. Un dos detalles que máis chama a atención dos visitantes, ademais da zona dedicada aos experimentos científicos, é o gran péndulo de Foucault que oscila no oco da escaleira central. Xantar no hotel.



Casa das Ciencias

Pola tarde visitaremos o Aquarium Finisterrae, tamén coñecido como a Casa dos Peixes, un centro dedicado á educación medioambiental e á divulgación científica de temas mariños. Conta con catro salas de exposicións, cada unha con personalidade propia, e unha colección biolóxica composta por 338 especies diferentes. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 4. FERROL - TARDE LIBRE

Almorzo. Pola mañá saída en dirección a Ferrol, poboación que se fundou e desenvolveu sempre pola importancia do seu porto e tamén ligada á construción naval e á armada española. Na nosa visita destacamos o barrio da Magdalena, a casa Pereira e casa Romero ou a concatedral de San Xiao. Nos arredores da cidade temos castelo de San Felipe, ademais do seu Museo Naval. Xantar no hotel. Tarde libre. Cea e aloxamento.

DÍA 5. RÍAS ALTAS - AS PONTES

Almorzo. Pola mañá saída en dirección ás Pontes de García Rodríguez, na comarca do Eume. As Pontes é coñecida como a vila dos cen ríos polas súas antigas e conservadas pontes. No noso percorrido chegaremos a Goente, onde coñeceremos a Casa do Mel. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



OPCIONAL

Visita a unha ecogranxa para coñecer o proceso do ordeño do leite e da elaboración de queixo e iogures.

Voltaremos á casa cun rico agasallo ecolóxico.

PREZO: 12€

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Pazo de Mariñán
- A Domus
- Casa das Ciencias
- Aquarium Finisterrae
- Museo Naval de Ferrol
- Casa do Mel



Vacacións en zonas costeiras Rías Baixas

5 DÍAS / 4 NOCHES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS BAIXAS - VILANOVA E VILAGARCÍA DE AROUSA

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Chegada e xantar no hotel. Pola tarde coñeceremos Vilanova de Arousa, localidade mariñeira que conta cun bonito paseo marítimo. A continuación trasladarémonos a Vilagarcía de Arousa. Percorreremos a zona do Castro, ata a igrexa parroquial e coñeceremos a contorna da Xunqueira co pazo de Vista Alegre. Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo do Ferrocarril. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

DÍA 2. RUTA “DA PEDRA E DA AUGA” - MOSTEIRO DA ARMENTEIRA - PONTEVEDRA - COMBARRO

Almorzo. Pola mañá faremos un tramo da “Ruta da Pedra e da Auga”. A ruta transcorre á beira do río Armenteira polos municipios de Ribadumia e Meis, no corazón do Salnés, unha bela e turística comarca próxima á ría de Arousa, con magníficas praias na franxa litoral e fermosas estampas vitivinícolas no interior. O sendeiro coincide cun vello camiño que a poboación local percorría cada luns de Pascua para subir ata o mosteiro da Armenteira, que visitaremos. Xantar no hotel. Pola tarde saída cara a Pontevedra, gozaremos dun paseo pola súa coidada zona vella, visitando a igrexa da Virxe Peregrina e a poucos metros desta, a Praza da Ferrería e igrexa-convento de San Francisco, desde aquí



OPCIONAL

Paseo en barco a bordo dun catamarán pola ría de Arousa, con degustación de mexillóns.

PREZO: 15€

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Museo do ferrocarril
- Mosteiro da Armenteira
- Museo da Salgadura
- Museo Quiñones de León
- Casa da Navegación
- Carabela da Pinta de Colón
- Cata en adega das Rías Baixas

poderemos coñecer os distintos edificios do museo e as fermosas e acolledoras prazas da Leña e da Verdura. Destacan tamén as ruínas de Santo Domingo e a basílica de Santa María. Finalizaremos o día en Combarro, onde destacan os hórreos sobre a ría. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. O GROVE - A TOXA - TARDE LIBRE

Almorzo. Pola mañá sairemos para visitar O Grove, vila tradicionalmente mariñeira e turística coñecida como a “capital do marisco”. Realizaremos un percorrido por toda a península percorrendo a súa costa desde o océano Atlántico ata as tranquilas augas da ría de Arousa. A continuación visitaremos o Museo da Salgadura. Finalizaremos o día na illa da Toxa, onde destaca o parque dos Grobits. Xantar no hotel. Tarde libre. Cea e aloxamento.

DÍA 4. VIGO - SANTA TREGA - BAIONA

Almorzo. Saída cara a Vigo para realizar unha visita panorámica coñecendo as principais arterias da cidade. Despois visitaremos un dos seus edificios máis singulares, o pazo de Castrelos que alberga o Museo Quiñones de León. Xantar en restaurante. Pola tarde trasladarémonos ao monte de Santa Trega onde gozaremos das impresionantes vistas da desembocadura do río Miño facendo fronteira con Portugal. Finalizaremos o día en Baiona, onde coñeceremos a Casa da Navegación e unha recreación da Carabela A Pinta de Colón. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CAMBADOS - CIDADE DE ORIXE

Almorzo. Pola mañá coñeceremos a localidade de Cambados, Cidade Europea do Viño en 2017, onde percorrерemos as súas rúas, consideradas un auténtico museo ao aire libre ao ser un dos conxuntos históricos mellor conservados de Galicia. Destacan a Praza de Fefiñáns, e as ruínas de Santa Mariña Dozo e o Muíño de Mareas da Seca. Finalizaremos a mañá coñecendo unha adega, con degustación. Xantar no hotel. Saída cara á cidade de orixe, chegada e fin dos nosos servizos.



Vigo



Vacacións en zonas costeiras Rías Altas

5 DÍAS / 4 NOCHES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - BERGONDO - PONTEDEUME

Saída á hora indicada dirección ás Rías Altas. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde trasladarémonos á localidade de Bergondo para realizar unha visita ao Pazo de Mariñán, cos seus bonitos xardíns e unha gran colección de arte. Despois visitaremos Pontedeume, vila pesqueira cun fermoso paseo marítimo e ponte de pedra medieval. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. DOMUS OU CASA DO HOME - CASA DAS CIENCIAS

Almorzo. Pola mañá visita á Domus. Situado nun espectacular edificio deseñado polo arquitecto xaponés Arata Isozaki, este museo está pensado para divertir o visitante estimulando a súa curiosidade. A través das diferentes exposicións descóbreanse as diferentes características da especie humana. Xantar no hotel. Pola tarde visita á Casa das Ciencias, na Coruña. Situado no palacete do parque de Santa Margarita, este museo científico e cultural dispón de tres plantas para albergar exposicións relacionadas coa ciencia. Un dos detalles que máis chama a atención dos visitantes, ademais da zona dedicada aos experimentos científicos, é o gran péndulo de Foucault que oscila no oco da escaleira central. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. A CORUÑA - TARDE LIBRE

Almorzo. Pola mañá saída en dirección á Coruña. Realizaremos un percorrido panorámico pola Mariña, onde se atopan as famosas fachadas acristaladas que lle outorgaron o pseudónimo de "a cidade de cristal". Coñeceremos o seu centro histórico, onde destacaremos a praza de María Pita e o edificio do concello. Tamén teremos ocasión de contemplar a praia de Riazor e a Torre de Hércules, declarada patrimonio da humanidade pola UNESCO. Xantar no hotel. Tarde libre. Cea e aloxamento.

DÍA 4. RIBADEO - PRAIAS DAS CATEDRAIS - MONDOÑEDO

Almorzo. Pola mañá sairemos cara a Ribadeo para coñecer a localidade e a súa famosa praia das Catedrais. En Ribadeo destacan varios edificios modernistas e pazos, como o de Ibáñez (hoxe casa do concello), o miradoiro da Atalaia e o Cargadeiro, antiga estrutura metálica de uso industrial, que hoxe conforma un excepcional miradoiro sobre a ría. Continuaremos cunha visita á praia das Catedrais (monumento natural), na que destacan as súas impresionantes formacións rochosas. Xantar en restaurante. Pola tarde, achegarémonos a Mondoñedo. A súa zona vella está declarada ben de interese cultural. Nela atopamos o seu edificio máis significativo, a catedral, coñecida como a "axeonllada". Ademais de percorrer a súa zona vella, achegarémonos ao barrio dos Muíños. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 5. RÍAS ALTAS - FERROL

Almorzo. Pola mañá saída en dirección a Ferrol, poboación que se fundou e desenvolveu sempre pola importancia do seu porto e tamén ligada á construción naval e á armada española. Na nosa visita destacamos o barrio da Magdalena, a casa Pereira e casa Romero ou a concatedral de San Xiao. Nos arredores da cidade o temos castelo de San Felipe, ademais do seu Museo Naval. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.

Nota: itinerario suxeito ás mareas, posto que a Praia das Catedrais hai que visitala con baixamar.



OPCIONAL

Opcionalmente poderemos visitar o Museo Estrella Galicia (MEGA), con degustación de cervexas.

Prezo: 22€

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Pazo de Mariñán
- A Domus
- Casa das Ciencias



Praia das Catedrais



Vacacións en zonas costeiras Costa da Morte

5 DÍAS / 4 NOCHES

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - VIMIANZO - TORRES DO ALLO

Saída á hora indicada dirección ás Rías Altas. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde trasladarémonos ao castelo de Vimianzo. A súa orixe remóntase ao s. XIII. É un dos mellor conservados de Galicia. Continuaremos co conxunto etnográfico dos Batáns de Mosquetín, varios muíños de auga que se utilizaban para traballar o liño. Terminaremos a nosa visita coas Torres do Allo, un dos pazos máis antigos de Galicia. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. SANTIAGO DE COMPOSTELA - MUSEO DO POBO GALEGO

Almorzo. Pola mañá saída en dirección cara a Santiago de Compostela. Á nosa chegada dirixirémonos á Praza do Obradoiro, ante a catedral, o exemplo máis valioso do Románico español. Rodeando o edificio contemplaremos a bela Berenguela, a Torre do Reloxo, e accederemos á Praza das Praterías onde se atopa a Porta Santa, e desde esta, á Praza da Quintana. Ao norte atópase a Praza da Acibechería. Teremos tempo para coñecer máis do seu impresionante centro histórico, o Pazo de Xelmírez, o Hostal dos Reis Católicos, o Colexio de Fonseca, o Pazo de Raxoi, o mosteiro de San Martín Pinario. Xantar en restaurante. Pola tarde, continuaremos a visita por Santiago de Compostela e coñeceremos o Museo do Pobo Galego. Breve tempo libre na cidade. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. MUXÍA - CAMARIÑAS - ÉZARO - FISTERRA

Almorzo. Saída para visitar as poboacións máis típicas de Costa da Morte. Comezamos por Camariñas famosa polos seus encaixes onde podemos ver as “palilleiras” realizando este labor artesanal.

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Castelo de Vimianzo
- Torres do Allo
- Museo do Pobo Galego
- Dolmen de Dombate
- Castro de Borneiros
- Santuario da Virxe da Barca
- Domus

maiores, familias e mozos

A continuación trasladarémonos a Muxía para coñecer o Santuario da Virxe da Barca. Fundado na Idade Media a iniciativa dos monxes de Moraime. Nas súas proximidades atópanse as famosas pedras de Abalar e dos Cadrís. Xantar no hotel ou restaurante. Pola tarde dirixirémonos ao Ézaro para contemplar o espectáculo que forma o río Xallas na súa desembocadura en ferverza, único en Europa. A continuación achegarémonos a Fisterra, ao seu mítico faro e aos seus cantís. Regreso ao hotel, cea e aloxamento.

DÍA 4. A CORUÑA - DOMUS OU CASA DO HOME

Almorzo. Pola mañá saída en dirección á Coruña. Realizaremos un percorrido panorámico pola Mariña, onde se atopan as famosas fachadas acristaladas que lle outorgaron o pseudónimo de “a cidade de cristal”. Coñeceremos o seu centro histórico, onde destacaremos a Praza de María Pita e o edificio do concello. Tamén teremos ocasión de contemplar a praia de Riazor e a Torre de Hércules, declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO. Xantar en restaurante. Pola tarde visita á Domus. Situado nun espectacular edificio deseñado polo arquitecto xaponés Arata Isozaki, este museo está pensado para divertir ao visitante estimulando a súa curiosidade. A través das exposicións descóbreanse as diferentes características da especie humana. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 5. CABANA DE BERGANTIÑOS - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá dirixirémonos a Cabana de Bergantiños, onde realizaremos un percorrido pola vila e coñeceremos o dolmen de Dombate, o monumento megalítico máis importante de Galicia. A continuación faremos unha ruta de sendeirismo para coñecer o castro de Borneiro, un xacemento arqueolóxico, exemplo da cultura castrexa de finais da Idade do Ferro. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Ferverza do Ézaro



Vacacións en zonas costeiras Mariña Lucense

5 DÍAS / 4 NOCHES

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - VIVEIRO

Saída á hora indicada dirección á provincia de Lugo. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde saída con dirección Viveiro, principal cidade da Mariña Lucense. Nela poderemos coñecer o Souto da Retorta, declarado monumento natural, un agradable paseo a beiras do río Landro. Despois dirixirémonos ao centro histórico para visitar o seu patrimonio artístico e cultural. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. RIBADEO - PRAIADAS CATEDRAIS - MONDOÑEDO

Almorzo. Pola mañá sairemos cara a Ribadeo para coñecer a localidade e a súa famosa praia das Catedrais. En Ribadeo destacan varios edificios modernistas e pazos, como o de Ibáñez (hoxe casa do concello), o miradoiro da Atalaia e o Cargadoiro, antiga estrutura metálica de uso industrial, que hoxe conforma un excepcional miradoiro sobre a ría. Continuaremos cunha visita á praia das Catedrais (monumento natural), na que destacan as súas impresionantes formacións rochosas. Xantar en restaurante. Pola tarde, achegarémonos a Mondoñedo. A súa zona vella foi declarada ben de interese cultural. Nela atopamos o seu edificio máis significativo, a catedral, coñecida como a "axeonllada". Ademais de percorrer os seu centro histórico, achegarémonos ao barrio dos Muíños. Cea e aloxamento.

DÍA 3. ORTIGUEIRA - ESTACA DE BARES - TARDE LIBRE

Almorzo e saída cara a Ortigueira para visitar a localidade e os cantís de Loiba, desde onde poderemos contemplar unha das panorámicas máis impresionantes do mundo, co cabo Ortegal ao fondo. Continuaremos ata a Estaca de Bares, o contraforte máis setentrional da Península Ibérica e o porto de Bares, co seu impresionante crebaondas fenicio. Xantar no hotel. Tarde libre. Cea e aloxamento.



Ribadeo

maiores, familias e mozos

DÍA 4. LUGO - LAGOA DE COSPEITO

Almorzo. Pola mañá visitaremos Lugo, nacido do campamento romano Lucus Augusti, cuxas murallas romanas foron declaradas patrimonio da humanidade. Coñeceremos o Centro de Interpretación da Muralla. Tamén destacan a catedral de Santa María, o palacio de San Marcos e o convento de San Francisco, sede do Museo Provincial. Xantar en restaurante. Pola tarde saída con dirección cara ao Espazo Natural da Lagoa de Cospeito. Trátase dunha das zonas húmidas máis importantes de Galicia e é a máis grande das 10 que forman o "complexo húmido da Terra Chá". Conta cun Centro de Interpretación, no que comeza un sendeiro aproximadamente dun quilómetro que bordea a lagoa, onde se sitúan varios observatorios de aves. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 5. FOZ - BURELA - SAN CIBRAO - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá iremos bordeando a mariña lucense con poboacións como Foz e Burela. Visitaremos a fábrica de Sargadelos, histórica fundición militar e actual fábrica de cerámica de luxo, moi representativa de Galicia, fundada a finais do século XVIII polo marqués de Sargadelos e situada nunha fermosa paraxe rural. Continuaremos cara á próxima localidade pesqueira de San Cibrao, para visitar o seu Museo Provincial do Mar, as súas antigas cetarias e o faro de Punta Atalaia. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.

Nota: itinerario suxeito ás mareas, posto que a Praia das Catedrais hai que visitala con baixamar.

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Acceso ao balneario, segundo itinerario
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Centro Interpretación da Muralla
- Museo Provincial de Lugo
- Fábrica de Sargadelos
- Museo Provincial do Mar de San Cibrao
- Taller artesán (para o colectivo de familias)
- Museo Catedralicio (para o colectivo de mozos e maiores)



Natureza e Montaña nas Rías Altas

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS ALTAS - FRAGAS DO EUME

Saída á hora indicada dirección ás Rías Altas. Chegada e xantar no hotel. Pola tarde coñeceremos as Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa e un dos escasísimos bosques do seu tipo no continente. Trátase dun frondoso bosque de conto que coñeceremos primeiro no seu Centro de Interpretación para despois gozar do gran canón que garda este tesouro botánico. Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo Etnográfico da Capela, onde coñeceremos un pouco de historia dos antepasados da zona, costumes e forma de vida. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. VIMIANZO - BUÑO - MALPICA DE BERGANTIÑOS

Almorzo. Pola mañá dirixirémonos a Vimianzo. Coñeceremos a localidade e o seu famoso castelo de Vimianzo, un dos mellor conservados de Galicia. Continuaremos co conxunto etnográfico dos Batáns do Mosquetín, varios muíños de auga que se utilizaban para traballar o liño. Terminaremos a nosa visita coas Torres do Allo, un dos pazos máis antigos de Galicia. Xantar en restaurante. Pola tarde visita á Costa da Morte. A nosa primeira visita será Buño. Famoso pola súa olería, a máis antiga de Galicia fabricada en barro. Visitaremos un antigo forno restaurando en funcionamento Ecomuseo Forno do Forte e unha exposición desta cerámica.

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Centro de Interpretación Fragas do Eume
- Museo Etnográfico da Capela
- Castelo de Vimianzo
- Batáns do Mosquetín
- Torres do Allo
- Ecomuseo Forno do Forte
- Museo Naval de Ferrol

Continuamos cara a Malpica de Bergantiños, onde termina a Costa da Morte e comeza a ría de Coruña. Na súa costa destacan as pequenas illas Sisargas. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. RÍAS ALTAS - FERROL - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá saída en dirección a Ferrol, poboación que se fundou e desenvolveu sempre pola importancia do seu porto e tamén ligada á construción naval e á armada española. Na nosa visita destacamos o barrio da Magdalena, a casa Pereira e casa Romero ou a concatedral de San Xiao. Nos arredores da cidade temos castelo de San Felipe, ademais do seu Museo Naval. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Fragas do Eume



Natureza e Montaña nas Rías Baixas

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS BAIXAS - RUTA “DA PEDRA E DA AUGA” - MOSTEIRO DA ARMENTEIRA

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Chegada e xantar no hotel. Pola tarde faremos un tramo da “Ruta da Pedra e da Auga”. A ruta transcorre á beira do río Armenteira polos municipios de Ribadumia e Meis, no corazón do Salnés, unha bela e turística comarca próxima á ría de Arousa, con magníficas praias na franxa litoral e fermosas estampas vitivinícolas no interior. O sendeiro coincide cun vello camiño que a poboación local percorría cada luns de Pascua para subir ata o mosteiro da Armenteira. Continuaremos cara ao mosteiro da Armenteira. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.



Illa de A Toxa

DÍA 2. VIGO - SANTA TREGA - BAIONA

Almorzo. Saída cara a Vigo para realizar unha visita panorámica coñecendo as principais arterias da cidade. Despois visitaremos un dos seus edificios máis singulares, o pazo de Castrelos tamén coñecido como Museo Quiñones de León. Xantar en restaurante.

Pola tarde trasladarémonos ao monte de Santa Trega onde gozaremos das impresionantes vistas da desembocadura do río Miño facendo fronteira con Portugal. Finalizaremos o día en Baiona, onde coñeceremos a Casa da Navegación e unha recreación da carabela A Pinta de Colón. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. O GROVE - A TOXA - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá faremos visita do Grove e A Toxa. O Grove é coñecido como “a capital do marisco” e A Toxa famosa polos produtos cosméticos, elaborados cos sales das súas augas termais. Destaca a capela das Cunchas. No Grove realizaremos unha panorámica de toda a península con subida ao miradoiro da Siradella. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



OPCIONAL

Paseo en barco a bordo dun catamarán pola ría de Arousa, con degustación de mexillóns.

PREZO: 15€

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Mosteiro da Armenteira
- Museo Quiñones de León
- Casa da Navegación
- Carabela A Pinta de Colón



Natureza e Montaña na Mariña Lucense

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - MONDOÑEDO

Saída á hora indicada dirección á Mariña Lucense. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde, achegarémonos a Mondoñedo. A súa zona vella está declarada ben de interese cultural. Nela atopamos o seu edificio máis significativo, a catedral, coñecida como a “axeonllada”, onde poderemos coñecer o seu Museo Catedralicio. Ademais de percorrer a súa zona vella, achegarémonos ao barrio dos Muíños. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.


DÍA 2. LUGO - LAGOA DE COSPEITO

Almorzo. Pola mañá visitaremos, Lugo, nacido do campamento romano Lucus Augusti, cuxas murallas romanas foron declaradas Patrimonio da Humanidade. Visitaremos o Centro de Interpretación da Muralla. Destacan a catedral de Santa María, o palacio de San Marcos e o convento de San Francisco, sede do Museo Provincial. Xantar en restaurante .

Pola tarde saída con dirección ao Espazo Natural da Lagoa de Cospeito. Trátase dunha das zonas húmidas máis importantes de Galicia e é a máis grande das dez que forman o “complexo húmido da Terra Chá”. Conta cun Centro de Interpretación, no que comeza un sendeiro aproximadamente dun quilómetro que bordea a lagoa, onde se sitúan varios observatorios de aves. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. VIVEIRO - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá visita a Viveiro, principal cidade da Mariña Lucense. Nela poderemos coñecer o Souto da Retorta, declarado monumento natural, un agradable paseo a beiras do río Landro. Despois dirixirémonos ao centro histórico para visitar o seu patrimonio artístico e cultural. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Souto da Retorta

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Museo Catedralicio de Mondoñedo
- Centro Interpretación da Muralla
- Museo Provincial de Lugo



Natureza e Montaña en Ourense

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial maiores

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - OURENSE

Saída á hora indicada dirección a Ourense. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde visitaremos Ourense, urbe de orixe romana, que posúe un importante patrimonio relixioso e medieval. Na nosa visita faremos especial fincapé nos seus principais atractivos, como a ponte romana, a capela barroca do Santo Cristo, situada na catedral de San Martín e as burgas, a fonte de auga termal situada en pleno corazón da cidade, motivo principal polo que os romanos decidiron que este era un bo lugar para asentarse. Pasearemos pola súa alameda e teremos tempo de coñecer o seu mercado municipal. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.


DÍA 2. RIBEIRA SACRA - CRUCEIRO CANÓNS DO SIL

Almorzo. Pola mañá, saída cara ao embarcadoiro de Santo Estevo de Ribas do Sil, onde comecemos un cruceiro para coñecer o seu patrimonio e gozar da pasaxe que forman os canóns do Sil.

Xantar en restaurante. Pola tarde continuaremos coa nosa visita percorrendo os principais mosteiros que lle dan o nome de Ribeira Sacra, como o mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil e o mosteiro de Santo Estevo, actual parador de turismo onde poderemos facer unha visita polos seus claustros. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. MOSTEIRO DE OSEIRA - CEA - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e saída cara ao mosteiro de Oseira para visitar, con guía, o coñecido como “o Escorial galego”. Destaca especialmente, a igrexa do mosteiro, da época medieval, exemplo da arquitectura cisterciense e unha das xoias arquitectónicas da provincia. A continuación dirixirémonos a Cea para visitar a localidade. Finalizaremos o día coñecendo un forno tradicional de pan de Cea, con degustación. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizo.



Mosteiro de Oseira



O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Cruceiro polos Canóns do Sil
- Entrada ao Mosteiro de Oseira
- Visita a forno tradicional de pan de Cea con degustación



Natureza e Montaña nas Rías Altas

especial familias

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS ALTAS - FRAGAS DO EUME

Saída á hora indicada dirección ás Rías Altas. Chegada e xantar no hotel. Pola tarde coñeceremos as Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa e un dos escasísimos bosques do seu tipo no continente. Trátase dun frondoso bosque de conto que coñeceremos primeiro no seu Centro de Interpretación para despois gozar do gran canón que garda este tesouro botánico. Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo Etnográfico da Capela, onde coñeceremos un pouco de historia dos antepasados da zona, costumes e forma de vida. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. A CORUÑA - CASA DO HOME

Almorzo. Pola mañá saída en dirección á Coruña. Realizaremos un percorrido panorámico pola Mariña, onde se atopan as famosas fachadas acristaladas que lle outorgaron o pseudónimo de “a cidade de cristal”. Coñeceremos o seu centro histórico, onde destacaremos a Praza de María Pita e o edificio do concello.

Tamén teremos ocasión de contemplar a praia de Riazor e a Torre de Hércules, declarada patrimonio da humanidade pola UNESCO. Xantar en restaurante.

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Centro de Interpretación Fragas do Eume
- Museo Etnográfico da Capela
- A Domus
- Casa do Mel

Pola tarde visita á Domus, tamén coñecida como a Casa do Home. Situado nun espectacular edificio deseñado polo arquitecto xaponés Arata Isozaki, este museo está pensado para divertir o visitante estimulando a súa curiosidade. A través das diferentes exposicións descóbreanse as diferentes características da especie humana. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. RÍAS ALTAS - AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá saída dirección ás Pontes de García Rodríguez, na comarca do Eume. As Pontes é coñecida como a vila dos cen ríos polas súas antigas e conservadas pontes. No noso percorrido chegaremos a Goente, onde coñeceremos a Casa do Mel. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Casa do Home



Natureza e Montaña nas Rías Baixas

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial familias

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS BAIXAS - RUTA “DA PEDRA E DA AUGA” - MOSTEIRO DA ARMENTEIRA

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Chegada e xantar no hotel. Pola tarde faremos un tramo da “Ruta da Pedra e da Auga”. A ruta transcorre á beira do río Armenteira polos municipios de Ribadumia e Meis, no corazón do Salnés, unha bela e turística comarca próxima á ría de Arousa, con magníficas praias na franxa litoral e fermosas estampas vitivinícolas no interior. O sendeiro coincide cun vello camiño que a poboación local percorría cada luns de Pascua para subir ata o mosteiro da Armenteira. Continuaremos cara ao mosteiro da Armenteira. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. VIGO - VERBUM - ZAMÁNS

Almorzo. Empezaremos o día en Castrelos, onde gozaremos da contorna e poderemos coñecer o Museo Pazo Quiñones de León. Tras a visita, iremos ao centro da cidade para gozar un intre no

parque do Castro, desde onde teremos unha impresionante vista de Vigo e a súa ría. Trátase dun magnífico xardín urbano, no corazón da cidade no que alberga, na súa ladeira máis baixa, un xacemento castrexo do século III e I a. C. Xantar en restaurante.

Pola tarde, acercáronos a Samil para coñecer o Museo Verbum, que permite experimentar e coñecer todo o relacionado co linguaxe a través de xogos. Finalizaremos o día cunha pequena ruta etnográfica en Zamáns. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. O GROVE - A TOXA - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá faremos visita do Grove, vila tradicionalmente mariñeira e turística coñecida como a “capital do marisco”. Realizaremos un percorrido por toda a península percorrendo a súa costa desde o océano Atlántico ata as tranquilas augas da ría de Arousa. A continuación visitaremos o Museo da Salgadura. A continuación dirixirémonos á illa da Toxa, onde destaca o parque dos Grobits. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Parque dos Grobits



OPCIONAL

Paseo en barco a bordo dun catamarán pola ría de Arousa, con degustación de mexillóns.

PREZO: 15€

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Mosteiro da Armenteira
- Museo Pazo Quiñones de León
- Museo Verbum
- Museo da Salgadura



Natureza e Montaña na Mariña Lucense

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial familias

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - LAGOA DE COSPEITO

Saída á hora indicada dirección á Mariña Lucense. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde saída con dirección ao Espazo Natural da Lagoa de Cospeito. Trátase dunha das zonas húmidas máis importantes de Galicia e é a máis grande das dez que forman o “complexo húmido da Terra Chá”. Conta cun Centro de Interpretación, no que comeza un sendeiro aproximadamente dun quilómetro que bordea a lagoa, onde se sitúan varios observatorios de aves. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. RIBADEO - PRAIA DAS CATEDRAIS - MONDOÑEDO

Almorzo. Pola mañá sairemos cara a Ribadeo para coñecer a localidade e a súa famosa praia das Catedrais. En Ribadeo destacan varios edificios modernistas e pazos, como o de Ibáñez (hoxe casa do concello), o miradoiro da Atalaia e o Cargadoiro, antiga estrutura metálica de uso industrial, que hoxe conforma un excepcional miradoiro sobre a ría. Continuaremos cunha visita á praia das Catedrais (monumento natural), na que destacan as súas impresionantes formacións rochosas. Xantar en restaurante.

Pola tarde, achegarémonos a Mondoñedo. A súa zona vella foi declarada ben de interese cultural. Nela atopamos o seu edificio máis significativo, a catedral, coñecida como a “axeonllada”. Ademais de percorrer a súa zona vella, achegarémonos ao barrio dos Muíños e coñeceremos un dos seus múltiples talleres artesanís. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. VIVEIRO - CIDADE ORIXE


Almorzo e saída para visitar Viveiro, principal cidade da Mariña Lucense. Nela poderemos coñecer o Souto da Retorta, declarado monumento natural, un agradable paseo a beiras do río Landro. Despois dirixirémonos ao centro histórico para visitar o seu patrimonio artístico e cultural. Xantar no hotel.

Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.

Nota: itinerario suxeito ás mareas, posto que a Praia das Catedrais hai que visitala con baixamar.

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Taller artesan en Mondoñedo
- Centro de Interpretación Lagoa de Cospeito



Lagoa de Cospeito



Natureza e Montaña en Ourense

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial familias

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - OURENSE

Saída á hora indicada dirección a Ourense. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde visitaremos Ourense, urbe de orixe romana, que posúe un importante patrimonio relixioso e medieval. Na nosa visita faremos especial fincapé nos seus principais atractivos, como a ponte romana, a capela barroca do Santo Cristo, situada na catedral de San Martín e as burgas, a fonte de auga termal situada en pleno corazón da cidade, motivo principal polo que os romanos decidiron que este era un bo lugar para asentarse. Pasearemos pola súa alameda e teremos tempo de coñecer o seu mercado municipal. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. RIBEIRA SACRA - CRUCEIRO CANÓNS DO SIL

Almorzo. Pola mañá, saída cara ao embarcadoiro de Santo Estevo de Ribas do Sil, onde comezaremos un cruceiro para coñecer o seu patrimonio e gozar da pasaxe que forman os canóns do Sil. Xantar en restaurante.

Pola tarde continuaremos coa nosa visita percorrendo os principais mosteiros que lle dan o nome de Ribeira Sacra, como o mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil e o mosteiro de Santo Estevo, actual parador de turismo onde poderemos facer unha visita polos seus claustros. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. ALLARIZ - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e saída para visitar Allariz, declarada conxunto histórico-artístico e situado no corazón da Reserva da Biosfera Área de Allariz. Percorreremos o seu centro histórico, onde coñeceremos o museo Galego do Xoguete, que conta cun fondo museístico de preto de 1500 pezas representativas dos xoguetes do século XX. Xantar no hotel.

Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Canóns do Sil

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Cruceiro polos Canóns do Sil
- Entrada ao Museo Galego do Xoguete



Natureza e Montaña nas Rías Altas

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS ALTAS - FRAGAS DO EUME

Saída á hora indicada dirección ás Rías Altas. Chegada e xantar no hotel. Pola tarde coñeceremos as Fragas do Eume, un dos bosques atlánticos costeiros mellor conservados de Europa e un dos escasísimos bosques do seu tipo no continente. Trátase dun frondoso bosque de conto que coñeceremos primeiro no seu Centro de Interpretación para despois gozar do gran canón que garda este tesouro botánico.

Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo Etnográfico da Capela, onde coñeceremos un pouco de historia dos antepasados da zona, costumes e forma de vida. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. A CORUÑA - MUSEO DE ESTRELLA GALICIA

Almorzo. Pola mañá sairemos cara á Coruña. Realizaremos un percorrido panorámico pola Mariña, onde se atopan as famosas fachadas acristaladas que lle outorgaron o pseudónimo de “a cidade de cristal”. Coñeceremos o seu centro histórico, onde destacaremos a Praza de María Pita e o edificio do concello. Tamén teremos ocasión de contemplar a praia de Riazor e a Torre de Hércules, declarada patrimonio da humanidade pola UNESCO. Xantar en restaurante.

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Centro de Interpretación Fragas do Eume
- Museo Etnográfico da Capela
- Museo Estrella Galicia (MEGA)
- Museo Naval de Ferrol

Pola tarde coñeceremos o Museo de Estrella Galicia (MEGA), está en plena cidade da Coruña (dentro da fábrica), trátase do primeiro museo de cervexa en España e o único en Europa que está dentro das instalacións en activo. Coñeceremos o proceso de elaboración e realizaremos unha cata. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. RÍAS ALTAS - FERROL - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá saída en dirección a Ferrol, poboación que se fundou e desenvolveu sempre pola importancia do seu porto e tamén ligada á construción naval e á armada española. Na nosa visita destacamos o barrio da Magdalena, a casa Pereira e casa Romero ou a concatedral de San Xiao. Nos arredores da cidade temos castelo de San Felipe, ademais do seu Museo Naval. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



San Felipe, Ferrol



Natureza e Montaña nas Rías Baixas

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - RÍAS BAIXAS - RUTA “DA PEDRA E DA AUGA” - MOSTEIRO DA ARMENTEIRA

Saída á hora indicada dirección ás Rías Baixas. Chegada e xantar no hotel. Pola tarde faremos un tramo da “Ruta da Pedra e da Auga”. A ruta transcorre á beira do río Armenteira polos municipios de Ribadumia e Meis, no corazón do Salnés, unha bela e turística comarca próxima á ría de Arousa, con magníficas praias na franxa litoral e fermosas estampas vitivinícolas no interior. O sendeiro coincide cun vello camiño que a poboación local percorría cada luns de Pascua para subir ata o mosteiro da Armenteira. Continuaremos cara ao mosteiro da Armenteira. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. VIGO - MUSEO DO MAR DE GALICIA - RUTA REDONDELA - PONTEVEDRA

Almorzo. Saída cara a Vigo para realizar unha visita panorámica coñecendo as principais arterias da cidade. Despois visitaremos un dos seus edificios máis singulares, o pazo de Castrelos tamén coñecido como Museo Quiñones de León. Finalizaremos a mañá no Museo do Mar de Galicia de Vigo. Xantar en restaurante.

Pola tarde coñeceremos Redondela, onde iniciaremos ruta cara a Pontevedra, sendo esta una das etapas do Camiño de Santiago. Discorre durante 19 quilómetros e pasa por diferentes puntos como as parroquias de Cesantes e O Viso, Arcade, Pontesampaio ou A Canicouva. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. O GROVE - A TOXA - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá faremos visita do Grove e A Toxa. O Grove é coñecido como “a capital do marisco” e A Toxa famosa polos produtos cosméticos, elaborados cos sales das súas augas termais. Destaca a capela das Cunchas. No Grove realizaremos unha panorámica de toda a península con subida ao miradoiro da Siradella. Xantar no hotel. Saída cara ao lugar de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



OPCIONAL

Paseo en barco a bordo dun catamarán pola ría de Arousa, con degustación de mexillóns.

PREZO: 15€

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Mosteiro da Armenteira
- Museo Quiñones de León
- Museo do Mar de Galicia de Vigo



Museo do Mar de Galicia



Natureza e Montaña na Mariña Lucense

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - FOZ - BURELA - SAN CIBRAO

Saída á hora indicada dirección á Mariña Lucense. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde iremos bordeando a mariña lucense con poboacións como Foz e Burela. Visitaremos a fábrica de Sargadelos, histórica fundición militar e actual fábrica de cerámica de luxo, moi representativa de Galicia, fundada a finais do século XVIII polo marqués de Sargadelos e situada nunha fermosa paraxe rural. Continuaremos cara á localidade pesqueira de San Cibrao, para visitar o seu museo Provincial do Mar, as súas antigas cetarias e o faro de Punta Atalaia. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. LUGO - LAGOA DE COSPEITO

Almorzo. Pola mañá visitaremos Lugo, nacido do campamento romano Lucus Augusti, cuxas murallas romanas foron declaradas Patrimonio da Humanidade. Visitaremos o Centro de Interpretación da Muralla. Destacan a catedral de Santa María, o palacio de San Marcos e o convento de San Francisco, sede do Museo Provincial. Xantar en restaurante.


Pola tarde saída con dirección cara ao espazo natural da Lagoa de Cospeito. Trátase dunha das zonas húmidas máis importantes de Galicia e é a máis grande das dez que forman o “complexo húmido da Terra Chá”. Conta cun Centro de Interpretación, no que comeza un sendeiro aproximadamente dun quilómetro que bordea a lagoa, onde se sitúan varios observatorios de aves. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Centro Interpretación da Muralla
- Museo Provincial de Lugo
- Fábrica de Sargadelos
- Museo do Mar de San Cibrao
- Centro de Interpretación Lagoa de Cospeito

DÍA 3. VIVEIRO - CIDADE ORIXE

Almorzo. Pola mañá visita a Viveiro, principal cidade da Mariña Lucense. Nela poderemos coñecer o Souto da Retorta, declarado monumento natural, un agradable paseo a beiras do río Landro. Despois dirixirémonos ao centro histórico para visitar o seu patrimonio artístico e cultural. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Souto da Retorta



Natureza e Montaña en Ourense

3 DÍAS / 2 NOCHES

especial mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - OURENSE

Saída á hora indicada dirección a Ourense. Breves paradas en ruta. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde visitaremos Ourense, urbe de orixe romana, que posúe un importante patrimonio relixioso e medieval. Na nosa visita faremos especial fincapé nos seus principais atractivos, como a ponte romana, a capela barroca do Santo Cristo, situada na catedral de San Martín e as burgas, a fonte de auga termal situada en pleno corazón da cidade, motivo principal polo que os romanos decidiron que este era un bo lugar para asentarse. Pasearemos pola súa alameda e teremos tempo de coñecer o seu mercado municipal. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 2. RIBEIRA SACRA - CRUCEIRO CANÓNS DO SIL

Almorzo. Pola mañá, saída cara ao embarcadoiro de Santo Estevo de Ribas do Sil, onde comezaremos un cruceiro para coñecer o seu patrimonio e gozar da pasaxe que forman os canóns do Sil. Xantar en restaurante.

Pola tarde continuaremos coa nosa visita percorrendo os principais mosteiros que lle dan o nome de Ribeira Sacra, como o mosteiro de Santa Cristina de Ribas do Sil e o mosteiro de Santo Estevo, actual parador de turismo onde poderemos facer unha visita polos seus claustros. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

DÍA 3. RIBADAVIA - CIDADE DE ORIXE

Almorzo e saída cara a Ribadavia, capital da comarca do Ribeiro. Poderemos visitar a súa famosa xudería e a súa zona vella. Aquí celébrase cada ano a famosa Festa das Historia lembrando esa época de esplendor da vila. Destacamos o castelo da vila e as igrexas de Santiago, San Xoán e Santo Domingo.

Finalizaremos a mañá cunha visita ao Museo do Viño de Galicia. Xantar no hotel. Pola tarde regreso á cidade de orixe. Chegada e fin dos nosos servizos.



Santa Cristina de Ribas do Sil

O PREZO INCLÚE:

- Aloxamento en réxime de PC
- Guía acompañante
- Transporte en autocar
- Xantar en restaurante
- Cruceiro polos Canóns do Sil
- Museo do Viño de Galicia



Natureza e Montaña na Costa da Morte

maiores, familias e mozos

Itinerario

DÍA 1. CIDADE ORIXE - VIMIANZO - TORRES DO ALLO

Saída á hora indicada dirección á Costa da Morte. Chegada ao hotel para o xantar. Pola tarde trasladarémonos ao castelo de Vimianzo. A súa orixe remóntase ao s. XIII. É un dos mellor conservados de Galicia. Continuaremos co conxunto etnográfico dos Batáns de Mosquetín, varios muíños de auga que se utilizaban para traballar o liño. Terminaremos a nosa visita coas Torres do Allo, un dos pazos máis antigos de Galicia. Regreso ao hotel. Cea e aloxamento.

